

## MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA

3º ESO

### Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: partes do corpo, familia, animais, materias, deportes, roupa, mobiliario, electrodomésticos, a casa, lugares, medios de transporte, alimentos, adxectivos relacionados coa comida, artes, adxectivos relacionados coa arte, material deportivo, adverbios de acción relacionados cos deportes, accidentes xeográficos, adxectivos relacionados cos accidentes xeográficos, emocións, profesións, moda, adxectivos relacionados co mundo da moda, o espazo, lugares, verbos relacionados cos medios de transporte e adxectivos descritivos relacionados coas tecnoloxías.
- Formación e uso de palabras a través de: sufixos, sinónimos, antónimos e elementos morfolóxicos básicos.
- Desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe: asociar palabras e descrições cos seus debuxos, fotografías e palabras e expresións coa súa definición, engadir prefixos e sufixos, identificar elementos morfolóxicos básicos, agrupar vocabulario en campos semánticos e relacionar palabras cos seus sinónimos e antónimos.
- Aprendizaxe e práctica de fórmulas e expresións relacionadas co vocabulario de cada unidade.
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.
- Uso adecuado da coordinación e da subordinación, das maiúsculas e dos signos de puntuación, da orde das palabras en inglés, dos nexos e dos conectores de secuencia, etc.

### Estrutura e funcións da lingua

- Uso e repaso dos verbos **to be** e **have got**; **there is / there are** e repaso do *Present Simple* e do *Present Continuous*; a linguaxe da clase. (Unidade de introdución)
- Uso dos cuantificadores: **a, an, the, some, any, a lot of, many, much, How much... ? e How many...?**; os nomes contábeis e incontábeis; a orde do suxeito, o adxectivo e o adverbio na oración. (Unidade 1)
- Narración de actividades habituais e intercambio de información persoal: o *Present Simple*, as expresións temporais: **every day, on Sundays, at the weekend**; os adverbios de frecuencia: **always, often, sometimes, never, usually**; fórmulas para falar sobre accións continuas: o *Present Continuous*, as expresións temporais: **now, right now, at the moment**; a orde dos adxectivos. (Unidade 2)
- Fórmulas para comparar persoas e cousas, e para facer descrições persoais: os adxectivos en grao comparativo e superlativo, **(not) as... as, too + adxectivo, (not) + adxectivo + enough**; o uso das maiúsculas e dos signos de puntuación. (Unidade 3)
- Narración de feitos pasados: o *Past Simple* e as expresións temporais que o acompañan: **last night, a week ago, yesterday; there was / there were**; a estrutura do texto. (Unidade 4)
- Narración de accións que estaban en progreso no pasado: o *Past Continuous* e as expresións temporais que o acompañan: **at five o'clock, an hour ago, last night**; contraste entre *Past Simple* e *Past Continuous*; **when** e **while**; as conxuncións **and, or, but, because** e **so**. (Unidade 5)
- Fórmulas para dar consellos e expresar habilidade en presente e en pasado, obrigação, ausencia da mesma e prohibición, descrição de accións, os modais: **should, must / mustn't, can, could, have to/ don't have to** (en afirmativa, negativa, interrogativa e as respostas breves); o uso de pronomes na oración para evitar repeticións. (Unidade 6)
- Expresión de plans, predicións, expresión de intención e posibilidade: o futuro con **will, be going to** e o *Present Continuous* con valor de futuro e as expresións temporais que os

acompañan: **tomorrow, soon, next week, in five years**; o primeiro condicional; os conectores de secuencia. (Unidade 7)

- Preguntas e respostas sobre feitos que xa acabaron ou que aínda non remataron, sobre feitos recentes e experiencias: o *Present Perfect Simple* e as expresións temporais que o acompañan: **ever, just, already, never, yet, for, since**; as preposicións de tempo. (Unidade 8).
- Fórmulas para falar de procesos e de accións pasadas: a voz pasiva en presente e en pasado; revisión dos puntos traballados ao longo de todas as unidades para conseguir unha boa expresión escrita. (Unidade 9)